

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILAN 2015 (LOTE 2). EXP. REF 31-2015. INCIDENCIA DETECTADA NA OFERTA ECONÓMICA DE XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L. PARA O LOTE 1**

Sendo as 13:00 horas do día 21 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais dona Matilde García Losada xefa de sección de Cultura, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, dona Ana Saez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria de que logo da apertura dos sobres B por parte da Mesa de Contratación en sesión celebrada o 17 de setembro de 2015 coa correspondente selección de oferta economicamente máis vantaxosa foi detectado un erro na oferta económica para o LOTE 1 - ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL presentada por XESTION DE MONTAXES OS ANCARES S.L  **toda vez non presentou desglose cos prezos unitarios para cada tipo de stand do LOTE 1.**

A cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas establece:

*“Dentro deste SOBRE B a empresa deberá presentar o correspondente DESGLOSE cos prezos unitarios IVE incluído para cada tipo de stand do Lote 1. A ausencia deste desglose implicará a exclusión do procedemento.”*

En consecuencia, a mercantil XESTION DE MONTAXES OS ANCARES S.L. debería ter sido excluída do procedemento ao non indicar o dito desglose, polo que a Mesa de Contratación acorda a súa exclusión do procedemento quedando este sen ofertas admisibles polo que o procedemento queda deserto.

Non obstante e dada a premura das Festas e en aplicación do artigo 170.c) do TRLCSP procede aplicar un procedemento negociado para a adxudicación deste contrato.

Tendose presentado dous licitadores a este procedemento, dona NURIA CARBALLIDO ÁLVAREZ e XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L. a Mesa propón invitar a estas dúas empresas dando un prazo ata o vindeiro xoves día 24 de setembro de 2015 ata ás 14:00 horas, coa finalidade de realizar nova xuntanza da Mesa o venres día 25 de setembro e ter á maior brevidade adxudicado e

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/atm

Refª: Acta STANDS SAN FROILAN 2015 EXCLUSION ERROR OFERTA

Asunto: ACTA DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA STANDS SAN FROILAN 2015

formalizado o contrato p**DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1)**

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez